

MÁSTER UNIVERSITARIO EN
FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

PENSAR A ECONOMÍA

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251211. Trátase de unha materia ordinaria de máster impartida durante o primeiro semestre. Ten 3 créditos ECTS, aos que lle corresponden 75 horas ECTS.

É unha materia dependente do Departamento. de Economía Aplicada.

PRERREQUISITOS

Non se establecen prerequisites para cursar esta materia.

IMPARTICIÓN

A materia será impartida en galego, aínda que se poderá utilizar o español no caso de que haxa persoas que non teñan coñecementos de galego. O programa estará dispoñible en galego e castelán.

A materia impártea o profesor titular de Economía Aplicada, Xoán Ramón Doldán

A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, figurarán na aula virtual da materia.

O horario da materia é o que figura no taboleiro de anuncios e na web da facultade.

TITORÍAS

Os horarios de tutoría estarán dispoñíbeis, xunto co programa, na aula virtual da materia.

Os teléfonos dos despachos son: 881811569 (ou extensión 11569. Sempre se poderá usar tamén o Campus Virtual ou o enderezo electrónico para realizar consultas ou solicitar unha tutoría personalizada: xoan.doldan@usc.es

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOCO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

Trátase dunha materia optativa vinculada do itinerario de Cidadanía e Globalización. As demais materias optativas deste itinerario son: Xénero e teorías feministas; Éticas aplicadas; Cosmopolitismo e cidadanía global; Patrimonio e identidade cultural; e Arte e cidade

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOCO

A materia ‘Pensar a economía’ aborda os elementos conceptuais e ideolóxicos que teñen participado no nacemento do pensamento económico contemporáneo, así como as propostas de diversos autores que se separaron en diversos momentos da corrente principal e que hoxe inspiran propostas novidosas para a comprensión dos actuais problemas económicos. Este punto de partida é fundamental para coñecer en este módulo as peculiaridades do fenómeno da globalización. A

crise económica actual, xunto coas crises ecolóxica ou social que se vén arrastrando desde hai anos, obrigan a unha reflexión sobre a capacidade do pensamento económico convencional para dar respostas que contribúan á superación de eses elementos críticos. Por iso, esta materia aproximarase a diversas correntes de pensamento económico que nos últimos anos pretenden atender parcelas da realidade que teñen sido expulsadas da economía convencional, ou que foron consideradas como irrelevantes, e que hoxe se revelan como indispensábeis para unha visión integral.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos da materia consisten en:

- Transmitir os contidos fundamentais da materia.
- Amosar as cuestións abertas que alimentan a investigación económica actual.
- Reflexionar e alentar un pensamento crítico, mediante o debate dos diversos temas.

Tamén, a adquisición ou práctica das seguintes competencias:

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

- (1.1) Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos que adquira para identificar, formular e resolver problemas dos nosos tempos.
- (1.2) Que o estudantado adquira capacidades e coñecementos para a análise crítico en relación a achegas investigadoras.
- (1.3) Que o estudantado sexa capaz de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.
- (1.4) Que o estudantado estea capacitado para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.
- (1.5) Que o estudantado teña habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.
- (1.6) Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de seren orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- (1.7) Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ambientes novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- (1.8) Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- (1.9) Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- (1.10) Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lle permita continuar estudando dun modo que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.

Os obxectivos e estas competencias conséguense co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

Os obxectivos e competencias avalíanse a través do traballo escrito final, así como mediante as presentacións temáticas, resumes e comentarios previstos.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

- (2.1) Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.2) Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- (2.3) Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.4) Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
- (2.5) Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
- (2.6) Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Sesións de seminario interactivo, titorías individuais e de grupo, a preparación do exame final serán elementos a través dos que o estudantado contribúa a mostrar a adquisición das anteriores competencias específicas. Avaliaranse fundamentalmente mediante o exame final.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

- (3.1) Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.
- (3.2) Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.
- (3.3) Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.
- (3.4) Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

Estas competencias conséguense e avalíanse co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

4. CONTIDOS

PLANO XERAL

1. Nacemento e consolidación do pensamento económico contemporáneo
2. Os pensamentos económicos heterodoxos
3. Elementos fundamentais do capitalismo globalizado
4. Pensar a economía nun mundo en crise: o colapso social e ecolóxico
5. É posíbel unha economía ética?

PROGRAMA

1. Nacemento e consolidación do pensamento económico contemporáneo
 - 1.1 Contexto ideolóxico e histórico no que nace a ciencia económica
 - 1.2 A construción e evolución dos conceptos básicos do pensamento económico
2. Os pensamentos económicos heterodoxos
 - 2.1 A heterodoxia na época dos clásicos
 - 2.2 Marx e o marxismo
 - 2.3 Outros pensamentos heterodoxos
3. Elementos fundamentais do capitalismo globalizado
 - 3.1 A idea do crecemento e o desenvolvemento económico. Límites ao crecemento?
 - 3.2 O que a economía convencional exclúe e a relación cos ámbitos de exclusión: o papel das mulleres na economía, da biosfera, os bens comúns, a economía non mercantilizada
 - 3.3 A idea da utilidade e as preferencias dos consumidores
 - 3.4 As necesidades e a súa satisfacción
 - 3.5 O diñeiro, as finanzas e a monetarización da sociedade
 - 3.6 As supostas vantaxes da liberdade dos mercados
 - 3.7 A ciencia e a tecnoloxía como solución económica global
4. Pensar a economía nun mundo en crise: o colapso social e ecolóxico
 - 5.1 Os grandes retos ecolóxicos e o pensamento económico
 - 5.2 Os límites enerxéticos e materiais, o peak oil e o futuro da economía
 - 5.3 Os movementos migratorios en tempos de colapso
5. É posíbel unha economía ética?
 - 6.1 Mercados e moralidade
 - 6.2 Como os mercados exclúen os principios morais
 - 6.3 A desigualdade como dilema ético
 - 6.4 Unha ética ecolóxica?

5.METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

As explicacións do profesorado acompañaranse de lecturas por parte do estudantado de textos escollidos que fundamentarán ou complementarán ditas explicacións. Igualmente, promocionarase a participación activa do estudantado en clase a través da análise e reflexión en grupo que lle

permita individualizar contidos e aplicalos. Poderá haber actividades específicas que se deseñen para a súa realización telemática. As titorías serán prioritariamente presenciais, aínda que cabe a posibilidade de concertar ocasionalmente titorías telemáticas.

Estará dispoñible un aula virtual da materia.

TRABALLO AUTÓNOMO DO ESTUDANTADO

- (1) Lectura dos textos de referencia
- (2) Elaboración dos traballos (individuais ou en grupo) realizados encomendados polo profesor.

6. AVALIACIÓN

Sistema de avaliación continua.

Os criterios básicos polos que se rexerá a avaliación do estudantado son:

- a) 20% da cualificación final en función do cumprimento con asistencia obrigatoria ás clases.
- b) 20% en relación á participación nas clases, nos debates e actividades que se formulen polo profesor sobre diferentes temas.
- c) 60% en relación a un exame final sobre os contidos explicados en clase

A asistencia a clase pasa a estar regulada polo Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas de grao e máster

Obterán a cualificación de non presentado aquelas persoas que non se sometan á avaliación de calquera actividade obrigatoria.

Estudantes con dispensa de asistencia a clase:

Quen teña dispensa de asistencia a clase será avaliado mediante un exame final na data oficial (10 puntos), tendo como contido os textos de lectura obrigatoria e outro material que se indicarán no seu momento, nunha primeira titoría, ao comezo do curso, ca/co estudante

REQUERIMENTO DE ORIXINALIDADE

Na realización dos exercicios e traballos encomendados ou dos exames co obxecto de ser avaliados, deben seguirse certos estándares:

- Toda reprodución literal total ou parcial tomada dun libro, revista, publicación electrónica, páxina web, etc. debe citarse entre comiñas, referenciando correctamente a fonte de onde se tomou, de modo que se poida comprobar que a cita é correcta.
- Tamén deberá facerse dita referencia se é tomada a idea principal doutro texto, aínda que baixo unha nova redacción.
- De non seguirse estas normas, considerárase que se está realizando un plaxio, é dicir, unha copia no substancial de obras alleas, facéndoas pasar como propias.

- Tamén se considerará plaxio se dita copia se fai doutro compañeiro ou compañeira, facéndose pasar como autor/a do documento, ou se entrega un documento que foi escrito por outra persoa, ou o uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico do estudantado e de revisión de cualificacións da USC.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

A materia consta de 3 créditos ECTS, polo que a carga total de traballo para o/a estudante é de 75 horas, que se desglosan segundo se indica na seguinte táboa:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABAJO PERSOAL DO ESTUDANTADO	HORAS
Clases Expositivas	9	Estudo individual do estudantado	15
Clases Interactivas	12	Preparación de traballos e exposicións en grupo	18
Titorías e tarefas relacionadas co obxecto de estudo	3	Realización de traballos individuais	18
TOTAL	24		51

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

- (1) Participación nas presentacións
- (2) Preparación das tarefas marcadas seguindo as pautas indicadas
- (3) Consulta de dúbidas na clase ou nas titorías

7. BIBLIOGRAFÍA

Burgui, M., Chuvieco, E. (2017): Dimensiones éticas en los dilemas ambientales. Estudio de casos. Madrid. Ediciones Internacionales Universitarias.

Cortina, Adela (2017): *Aporofobia, el rechazo al pobre: un desafío para la sociedad democrática*. Paidós. Comentarios da autora sobre o libro, dispoñíbel en:

<https://www.youtube.com/watch?v=ZODPxP68zT0>

Domingo, Carmen (2020): Derecho a decidir: el mercado y el cuerpo de la mujer. Akal.
Madrid
Balaguer, M^a Luisa (2017) : *Hij@s del mercado. La maternidad subrogada en un Estado Social*. Madrid: Cátedra

Etxezarreta, Mirem (2015): *¿Para qué sirve realmente la economía?*, Paidós, Barcelona

Georgescu-Roegen, Nicholas (1996): *La Ley de la Entropía y el proceso económico*, Madrid: Fundación Argentaria-Visor, (1º ed. en inglés, 1971) Disponible en:

<http://www.fcmanrique.org/publiDetalle.php?idPublicacion=107>

Gómez, Pedro José (coord..) (2018): *La economía mundial. Enfoques críticos*. Fuhem. Madrid.

Herrero, Yayo; Cembranos, Fernando e Pascual, Marta (coords) (2015): *Cambiar las gafas para cambiar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad*, Madrid: Libros en Acción. Disponible en:

<https://es.scribd.com/document/80147213/Cambiar-las-gafas-para-mirar-el-mundo>

Hildyard, N. (2008): “La extracción de combustibles fósiles como generadora de refugiados ambientales” en *Ecología Política*, xuño, nº 4, pp. 37-50. Disponible en:

http://www.ecologiapolitica.info/novaweb2/wp-content/uploads/2016/06/033_Hildyard_2007.pdf

Jackson, T. e Webster, R. (2016): *Límites Revisitado. Unha revisión do debate sobre os límites do crecemento*. Véspera de Nada. Disponible en:

<http://www.vesperadenada.org/wp-content/uploads/2016/05/Limites-revisitados-version-digital-1.pdf>

Max Neef, M.A. (1993): *Desarrollo a Escala Humana. Conceptos, aplicaciones y algunas reflexiones*. Montevideo-Barcelona: Nordan-Icaria. Ver Capítulo 2 (Desarrollo y necesidades humanas). Disponible en:

https://www.max-neef.cl/descargas/Max_Neef-Desarrollo_a_escala_humana.pdf

Max-Neef, Manfred e Smith, Philip B. (2011): *La economía desenmascarada. Del poder y la codicia a la compasión y el bien común*. Barcelona: Editorial Icaria. Conversa con Max-Neef sobre o libro, disponible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=WI9UVPBfxm>

Moulier-Boutang, Yann (2012): *La abeja y el economista*. Madrid: Traficantes de sueños. Disponible en:

<http://www.acuedi.org/ddata/F8941.pdf>

Naredo, José Manuel (2015): *La economía en evolución. Historia y perspectivas de las categorías básicas del pensamiento económico*. Madrid: Siglo XXI.

Naredo, José Manuel (2006): *Raíces económicas del deterioro ecológico y social*. Siglo XXI, Madrid

Pérez Orozco, A. (2014): *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida*. Madrid: Traficantes de Sueños. Ver páginas 139-184. Disponible en:

https://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/map40_subversion_feminista.pdf

Polanyi, Karl (2014): *Los límites del mercado. Reflexiones sobre economía, antropología y democracia*. Madrid: Capitán Swing

Reuveny, R. e Peterson Allen, A. (2008): “Los refugiados ambientales y sus consecuencias en el futuro” en *Ecología Política*, xuño, nº 4, pp. 21-35. Disponible en:

<http://www.ecologiapolitica.info/webAntiga/ep/33/profundidad1.pdf>

Roca Jusmet, J. (2000): "La economía, la ecología y la crisis de la economía convencional", en Medina, M. y Kwiatkowsnka, T. (eds.), *Ciencia, Tecnología /Naturaleza, Cultura en el siglo XXI*. Barcelona: Anthropos. Disponível en:

<http://www.ub.edu/prometheus21/articulos/jordiroca.htm>

Sampedro, José Luís (2013): "El reloj, el gato y Madagascar", en *Revista de Economía Crítica*, Primeiro Semestre, nº 15, pp.229-238. Disponível en:

http://revistaeconomiacritica.org/sites/default/files/revistas/n15/inMemoriam-02_sampedro-El_reloj_el_gato_y_Madagascar.pdf

Sandel, Michael : *Lo que el dinero no puede comprar: Los límites morales del mercado*. Barcelona: Debate. Comentarios do autor sobre o libro, disponível en:

https://www.ted.com/talks/michael_sandel_why_we_shouldn_t_trust_markets_with_our_civic_life?language=es

Outras referencias bibliográficas poderão ser facilitadas na aula.